

Obxectivos:

O obxectivo principal desta xornada é dar a coñecer a situación legal dos activos intervidos xudicialmente no marco dos procedementos penais así como as distintas ferramentas e posibilidades de xestión, administración e realización que se atopan ao dispor das unidades xudiciais, coa finalidade de optimizar a xestión dos ditos patrimonios.

Para acadar este obxectivo, analizarase o marco legal de referencia e a divulgación de boas prácticas que nesta materia están a levarse a cabo na Unión Europea. En particular, afondarase no coñecemento da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos (ORGA) e o Servizo de Xestión de Bens Mobles Intervidos ao Narcotráfico en Galicia (SXB), recursos ao servizo das unidades e profesionais da Administración de xustiza e as forzas e corpos de seguridade do Estado en Galicia.

Persoas destinatarias:

A xornada está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia e das universidades do Sistema universitario de Galicia, xuristas, profesionais e persoas interesadas en xeral.

Convocatoria:

DOG núm. 186, do 1 de outubro de 2019.

Lugar de desenvolvemento:

Escola Galega de Administración Pública (EGAP).

Rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

Información e matrícula:


Teléfonos: 981 546 239 / 981 546 241

Correo: novas.egap@xunta.gal / Web: <https://egap.xunta.gal>

Xornada

ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN XUDICIAL DE ACTIVOS

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2019



- 9:00 h. Recepción e entrega de documentación.
- 9:30 h. INAUGURACIÓN DA XORNADA.
- 10:00 h. **Marco legal. Lexislación de referencia.**
Relator: **Ignacio Picatoste Sueiras.**
 Maxistrado. Presidente da Audiencia Provincial da Coruña.
Presenta: **Concepción Otero Piñeiro.** Secretaria de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- 10:30 h. **Administración de activos desde o punto de vista da Fiscalía. Unha visión específica nesta materia da Orde Europea de Investigación.**
Relator: **Santiago Aba Garrote.**
 Fiscal de delitos económicos da Coruña.
Presenta: **Miguel Abel Souto.**
 Catedrático acreditado de Dereito Penal. USC.
- 11:00 h. Pausa café.
- 11:30 h. **A Oficina de recuperación e xestión de activos (ORGA). Características, implantación e funcionamento.**
Relatora: **Sofía Duarte Domínguez.**
 Directora xeral de Modernización da Xustiza, Desenvolvemento Tecnolóxico e Recuperación e Xestión de Activos. Ministerio de Xustiza.
Presenta: **Juan José Martín Álvarez.**
 Director xeral de Xustiza da Xunta de Galicia.
- 12:15 h. **Servizo de Xestión de Bens intervidos ao narcotráfico en Galicia (SXB). Características, implantación e funcionamento en Galicia.**
Relator: **Javier C. Sánchez García.**
 Decano do Ilte. Colexio de Procuradores da Coruña. Vicepresidente do Consello Xeral de Procuradores de España.
Relator: **Fernando J. Alonso Fernández.**
 Xerente da Fundación Galega contra o Narcotráfico.
Presenta: **Juan Antonio Sagredo Cañavate.**
 Fiscal da Fiscalía da Área de Vigo.
- 13:00 h. **A administración de bens desde a perspectiva da Audiencia Nacional.**
Relator: **José Ramón Navarro Miranda.**
 Presidente da Audiencia Nacional.
Presenta: **Juan Carlos Estévez Fernández-Novoa.**
 Presidente do Consello Xeral de Procuradores de España.
- 13:45 h. Pausa comida.

16:00 h. **MESA REDONDA: Experiencia e visión da incautación de bens desde as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.**

Integrantes da mesa:

Iago García Pascual.

Inspector xefe UDYCO Vigo (CNP).

Jaime Gayá Moreno.

Xefe rexional de Aduanas e Impostos Especiais de Galicia.

Ignacio Recio Satué.

Capitán da Garda Civil. Comandancia de Lugo.

Modera:

Jaime Iglesias Fernández.

Membro do Padroado da Fundación Galega contra o Narcotráfico.

17:00 h. **MESA REDONDA: Experiencia e visión desde a Administración de xustiza.**

Integrantes da mesa:

Juan Carlos Carballal Paradela.

Maxistrado; Xulgado de Instrución núm. 4 de Vigo.

Pablo Varela Castejón.

Fiscal delegado antidroga de Pontevedra.

Manuel Polo Hernández.

Letrado da Administración de xustiza. Secc. núm. 2 da Audiencia Provincial de Pontevedra.

Modera:

Jesús Palmou Lorenzo.

Membro do Padroado da Fundación Galega contra o Narcotráfico.

18:00 h. **CLAUSURA DA XORNADA.**



NOTA: Por motivos alleos á EGAP, este programa pode sufrir algunha variación. As actualizacións pódense consultar na páxina web da Escola: <https://egap.xunta.gal/>